



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 27 DE DECEMBRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:08 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

**ASISTEN:**

PSOE

ANA LEDO FERNANDEZ

ABELARDO SEOANE VAZQUEZ

BNG

RAQUEL VAL VAZQUEZ

XOSE LUIS RIVAS CRUZ

PP

LUIS RICO VEREA

ELISARDO MONTERO CASTRO

JESUS ANGEL COSTOYA RUA

ROGELIO SUEIRO CARRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

**AUSENCIAS:**

PSOE

SANDRA SANCHEZ IÑIGUEZ

**SECRETARIA - INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### ORDE DO DÍA

#### 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.

Non repartida acta coa convocatoria a Alcaldesa pasa o seguinte punto da orde do día.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

### 2.-PROPOSICIÓN ALCALDIA PRESIDENCIA PLENO ORDINARIO 27/12/2018 APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2019

Pola secretaria dáse lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día cuxo tratamento e aceptado por unanimidade dos presentes xustificada a súa urxencia , con dez votos a favor ( 5 dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito, dous dos concelleiros/as do grupo municipal do PsdeG-PSOE e dous dos concelleiros /as do BNG), proposición que se reproduce literalmente a continuación :

### “PROPOSICIÓN ALCALDIA PRESIDENCIA PLENO ORDINARIO 27/12/2018 APROBACIÓN ORZAMENTO MUNICIPAL 2019

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2019 do Concello de Boimorto , esta Alcaldia Presidencia solicita , en aplicación dos artigos 97.2 e 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización de funcionamento das entidades locais, que se ratifique a inclusión deste punto na orde do día sen estar dictaminado , sendo as razóns de urxencia a necesidade de aprobación do orzamento municipal para o 2019 e non sendo posible polos festivos destas datas a celebración con expediente completo de previa Comisión informativa permanente especial de contas antes do Pleno para dictaminar o acordo, pretendendo a aprobación inicial dentro do ano 2018, para non retrasar máis a súa entrada en vigor.

Proponse que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2019 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de 2.758.900,00€ así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concello de Boimorto

Fecha Obtención 21/12/2018

EJERCICIO ECONOMICO DE 2019

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.431.821,46
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	719.504,00
3	GASTOS FINANCIEROS	1.942,81
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	102.500,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
6	INVERSIONES REALES	503.131,73
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ¿	2.758.900,00

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	512.711,14
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	56.078,88
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	806.227,23
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	950.460,84
5	INGRESOS PATRIMONIALES	5,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	433.416,91
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS ¿	2.758.900,00

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2019, tal e como son presentadas no expediente.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :

### A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

Admón. Xeral.-Aux.administrativo.-C2.-18.-0.- Programa funcionario interino auxiliar servizos sociais ( indica a Secretaría que está vacante para corrección do erro )

### B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

- 1.-0.-Traballador/a social.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.
- 1.-0.-Animador deportivo.-Completa
- 1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa
- 1.-0.-Conductor camión.-Completa
- 1.-0.-Subalerno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa
- 1.-1.-Peón recollida lixo – tratorista.-Completa ( consolidación emprego temporal)
- 1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa
- 1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa
- 3.-1. ocupada por temporal -Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.
- 1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.

- 9.-Auxiliar Axuda a domicilio.-1 Xornada 25 horas / 8 completa
- 1.-Animadora cultural.-Xornada completa
- 3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa
- 1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa
- 1.- Electricista .- Xornada completa
- 2.- Condutores .- Xornada completa
- 2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial
- 1.- Directora Residencia
- 1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa
- 2.- ATS .- Xornada completa
- 1.- Pinche.- Xornada completa
- 20.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa ( unha prevista para un mes )
- 2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- Retribucións: A primeira tenente de Alcalde ( indica a Secretaria a necesaria corrección a Alcaldesa existindo erro na redacción ) desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.
- Asistencias: Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.
- Indemnizacións: Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2019 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e relación dos postos de traballo ( sinala a Secretaria a necesaria eliminación do texto relación de postos de traballo xa que non existe rectificando o erro ), tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia

Boimorto 20 de decembro ( rectifica a Secretaria xa que consta xaneiro ) de 2018

A Alcaldesa:

Asdo.-Mª Jesús Novo Gómez “

A continuación por solicitude da Alcaldesa a Secretaria procede á lectura da memoria da Alcaldesa que consta neste expediente:

## **MEMORIA DA ALCALDIA EXPLICATIVA DO CONTIDO DO ORZAMENTO XERAL PARA O ANO 2019 E DAS PRINCIPAIS MODIFICACIONES QUE PRESENTA EN RELACION CO ORZAMENTO DO 2018.**

A presente memoria formúla esta Alcaldía dacordo co ordenado polo artigo 168.1.a) do actual Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por RD.lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Na estrutura do proxecto do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2019, que a Alcaldía que suscribe eleva ó Concello en Pleno en cumprimento das disposicións vixentes tivéronse en conta normas e directrices que se sinalan nesta memoria.

Faise unha desagregación das aplicacións presupuestarias que permiten un maior control e coñecemento do gasto efectivamente realizado en cada unha das areas de gastos do Concello



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Concello de Boimorto

Fecha Obtención 21/12/2018

EJERCICIO ECONOMICO DE 2019

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.431.821,46
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	719.504,00
3	GASTOS FINANCIEROS	1.942,81
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	102.500,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
6	INVERSIONES REALES	503.131,73
	<b>TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ¿</b>	<b>2.758.900,00</b>

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	512.711,14
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	56.078,88
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	806.227,23
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	950.460,84
5	INGRESOS PATRIMONIALES	5,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	433.416,91
	<b>TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS¿</b>	<b>2.758.900,00</b>



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ESTADO DE GASTOS: SUBIDA DUN 5,22% POR IMPORTE DE 136.789,14€ EN RELACIÓN CÓ EXERCICIO ANTERIOR

**No capítulo 1 de gastos de persoal** se representa un 51,89% do orzamento total baixando dita porcentaxe en relación cÓ exercicio anterior que ascendía a un 52,30%. Ascende a 1,431.821,46€ cun incremento en relación cÓ exercicio anterior de 60.490,81€.

Contempla gastos en cargo electo Alcaldía respetando acordos plenarios e créditos suficientes para atender os custes de persoal , prevendo gastos en prazas vacantes ( auxiliar administrativo, auxiliar axuda no fogar e **peón de lixo** ( a ofertar segundo negociación con sindicatos por consolidación de emprego temporal ) que nestes dous últimos casos permiten asumir custes de laboral temporal .

O incremento en 60.490,81€ ven reflexado principalmente polo aumento de custes salariais nun 1,75% e tamén de gastos por trienios novos e aumento da dotación para custes seguridade social.

Destaca a previsión en 30.000€ para asumir custes que veñan dunha aprobación de instrumento de reorganización da situación do persoal os efectos de acabar con diferencias salariais polas mesmas funcións entre outros aspectos .

No anexo de persoal refléxanse créditos para facer fronte o persoal actualmente contratado .

Non hai aumento de gastos de persoal sobre o mesmo número de efectivos salvo no referido a trienios e auxiliar funcionario interino para servizos sociais subvencionado pola Excmá Diputación Provincial , estarás o que dispoña a lei de orzamentos xerais do Estado e orzamento estatal do 2019 para facer as modificacións que sexan necesarias de sinalar incrementos retributivos.

**No capítulo 2 Gastos en bens correntes e servizos,** destacar que hai un incremento de 87.809,63€ partindo de obrigas recoñecidas no exercicio anterior principalmente. Este capítulo representa un 26,07% do orzamento total , se dotan os créditos que segundo as necesidades dos distintos servizos ( xerais, sociais , educativos de urbanismo e benestar sanitarios culturais deportivos, turismo, ) se prevén para o exercicio económico, atendidos os producidos no ano 2018, e dentro das posibilidades económicas desta Entidade. Xa non hai previsións para custes albergue e redúcense os custes de centro de saúde esperando ter feita a cesión á Xunta de Galicia nesta anualidade.

Consígnáronse os créditos necesarios para atender en cada Area de gasto as súas necesidades sen prexuízo de modificacións que xurdan o longo do exercicio ante o resultado da xestión.

Destaca a previsión neste Capítulo 2 de credito suficiente en ( clasificación económica 227) para facer fronte os compromisos asumidos via contratación de terceiros que prestan servizos neste Concello , e modificacións destes contratos, destacando que non hai unha xestión indirecta no servizo do alumeado público nin tampouco en recollida de lixo, saneamento, distribución de auga , servizo de axuda no fogar , mantemento de espazos públicos senon que se asume con cargo o capítulo 1 de gastos de persoal do Concello estes servizos apoiados con gastos en suministros necesarios para a prestación do servizo, aproveitando inversións propias e adquiridas o longo destes anos para estes servizos.

Destacar que dase cobertura a estes gastos correntes polas transferencias para gastos correntes que veñen do capítulo 4 de ingresos , previsión aumentada no Plan único da Deputación Provincial para gasto corrente que este ano aumenta e vai 180.000€ e para facer fronte a gastos en servizos mínimos obrigatorios asumindo con fondos propios os gastos antes subvencionados de cultura, deporte, promoción económica....



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**Nos capítulos 3 (intereses da débeda) e 9,** ( redúcense en relación có 2018) hai previsión para atender de ser necesario a carga imputable ao exercicio relacionada con intereses por operacións de tesourería , non hai dotación orzamentaria no capítulo 9 por non ter pendente amortización de prestamo algún este Concello.

Neste exercicio non se preve apelación a credito en principio como forma de financiación se ben destacar que existe un equilibrio en términos de presupostación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza.

**Transferencias correntes: consignanse créditos no Capítulo 4.º,** dentro das nosas posibilidades orzamentarias, para a concesión de axudas e subvencións ao longo deste exercicio, as dotacións parten das obrigas xa previstas no orzamento anterior aumentadas en 7.400€.

.Representa este capítulo 4 un 3,71% .

Hai unha previsión xa dotada para facer fronte a custes subvencións nominativas indicadas nas bases de execución do orzamento .( Festival de la luz 2019 80.000,00€ e Clube de fútbol 8.000€).

**Respecto das Inversións Reais Capítulo 6** representan un 18,23% ascendendo a 503.131,73€ sen prexuízo de tódalas inversións que se executarán o longo do ano con financiación afectada e ou financiadas con fondos propios previa modificación de crédito.

As operacións de capital dotáronse nas correspondentes partidas do Cap. 6.º, ( ver anexo de inversións ) para poder afronta-la execución das obras relacionadas no anexo de inversións coa súa financiación prevista a afectada no capítulo 7 de ingresos mais a aportación con recursos de ingresos correntes .

Remítome a dito anexo de inversións .

**No Capítulo 7 Transferencias de capital** non hai previsión orzamentaria .Tampouco hai previsión nos capítulos 8 e 9.

### **B) ESTADO DE INGRESOS; SUBE UN 5,22% EN 136.789,14€ EN RELACIÓN CÓ EJERCICIO ANTERIOR**

Recursos ordinarios (capítulos 1 al 5): foron consignados todos aqueles que proceden, tomándose como base as Ordenanzas en vigor e convenios contemplados nestas, a participación nos tributos do Estado, así como os recursos que legalmente corresponde percibir cuxa liquidación se prevé durante o exercicio, en atención aos Dereitos recoñecidos no ano 2018 .

Capítulo 1: representa un 18,58% do total do orzamento , Imposto sobre Bens Inmóveis , Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto sobre Actividades Económicas . Faise previsión de ingresos tendo en conta Ordenanzas vixentes e partindo dunha presupostación sobre a base dos dereitos recoñecidos en 2018 e previsibles altas, así como dos datos dos últimos padróns de contribuíntes obrantes nas dependencias municipais, e o previsto e recaudado no ano 2018.

Sube en 124.658,74€ .

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Capítulo 2: representa un 2,03% do total do orzamento. Subindo en 32.146,01€

as previsión de ingresos de ICIO que se fan sobre recaudación no exercicio anterior e tendo en conta proxectos xa presentados e en tramitación no Concello.

Capítulo 3: representa un 29,22% do total do orzamento. Sube en 69.739,76€.

Hai que destacar neste capítulo a subida de previsións con motivación en maiores ingresos por prazas da ampliación da residencia todo o ano . Destaca a boa recaudación en taxas e prezos públicos acadando e incluso superando as previsións iniciais como se verá na liquidación do 2018 que fundamenta estas previsións.

Capítulo 4: representa un 34,45% do total do orzamento baixa en 60.959,61€ orzamentando o confirmado actualmente sen prexuízo da obtención de máis subvencións o longo do ano.

Neste capítulo temos a participación nos ingresos do Estado fondo autonómico, compensación iae e a destacar os recursos para gastos correntes que viran do Plan único da Deputación Provincial e que supón un importante cambio nesta previsión xa que neste ano prevense 180.000€ para gastos en servicios mínimos obrigatorios ( non se destinan a gastos pendentes por non ter constancia na data de hoxe de impagos fora do periodo medio de pago).

Mantéñense as subvencións reiteradas ano tras ano pola Xunta de Galicia ( axente de emprego, plan concertado..) e tamén as de Deputación que non entran no plan único ( convenio servicios sociais ...)

Capítulo 5:

Dentro deste capítulo recollense intereses de depositos adáptase ó previsto no exercicio anterior 5€.

2. Recursos de capital: para financiar as inversións comprendidas no estado de gastos, destínanse os seguintes:

Capítulo 6: Non se prevé ningún ingreso por este capítulo inicialmente.

Capítulo 7: Representa un 15,71% 433.416,91€ subvencións Xunta e Deputación indicadas en anexo de inversións.

Capítulos 8 e 9 Activos e Pasivos Financieros

No presente exercicio económico en principio non se prevén Ingresos por estes conceptos destacando respecto o Capítulo 9 a non previsión de operacións de crédito a longo prazo como fonte de financiación do estado de gastos.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Existe un equilibrio en términos de presupostación entre os ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza. Na medida en que o ingreso supera ó gasto, dos ingresos correntes 69.714,82€ son destinados a inversións.

Consiguientemente, infírese que as principais modificacións que presenta o Estado de Ingresos, en relación co Orzamento do exercicio anterior, son as que, en resumen, se expresaron anteriormente.

Aumentarán estes ingresos en capítulos 4 e 7 acompañados da obtención de máis subvencións outorgadas pola Deputación Provincial, Xunta e / ou administración estatal.

### C) MODIFICACIÓNS DE CREDITO

Para a realización de obras, servizos, inversións en xeral, ou gastos ordinarios, etc. non contemplados neste Orzamento, ou para os que fosen insuficientes os créditos asignados nas correspondentes partidas, tramitaranse os pertinentes expedientes de modificación de créditos con cargo ao Remanente de Tesorería non comprometido do ano 2018 de ser positivo (ten que estar determinado para o mes de marzo coa liquidación orzamentaria do exercicio 2018), ou cargo a subvencións, axudas económicas ou outros ingresos previstos na vigente lexislación en materia de Facendas Locais.

As modificacións de crédito que poidan plantearse deberán ter en conta a posible contemplación no estado de gastos e ingresos a esos efectos, e de estar recollidas realizarse polas diferencias que puideran darse se as achegas son maiores ás previstas, e de ser menores limitarse o gasto o recibido, evitando un incremento fictio do Estado de Gastos e Ingresos.

Adoptase o compromiso por esta Alcaldía, e por ende do Pleno, de non executar gastos que dependesen de financiación afectada sen ter compromiso asinado ao respecto, quedando limitado a aquel o gasto executable, a no ser que se obteñan maiores ingresos sobre os previstos ou algunha outra fonte de financiación propia.

Solicito ó Pleno municipal que apoie a aprobación deste orzamento que dara cobertura as necesidades do Concello de Boimorto, cunha asignación e xestión eficaz dos recursos existentes.

A xestión intentará acadar a maior eficiencia e eficacia posible na aplicación dos fondos públicos.

Boimorto 20 de decembro de 2018

A Alcaldesa:

Asdo.- M.<sup>a</sup> Jesús Novo Gómez



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A continuación destaca a Alcaldesa o incremento do 5,22% sen prexuízo de maiores incrementos o longo do ano como consecuencia da falta de previsión de subvencións inda non confirmadas que virán como a do Plan marco.

Explica a Alcaldesa o anexo de persoal , destacando a posible cobertura por consolidación de emprego de peón de lixo. Destaca que xa non hai previsión de gastos destacados para o albergue así como pouca previsión de gastos para o centro de saúde pola súa cesión á Xunta xa realizada a separación eléctrica do centro de saúde e do centro de maiores.

Signala a Alcaldesa que fíxose unha previsión a alza do ICIO e de taxas e prezos públicos ,sobre todo por incremento da recaudación na Residencia.

A Alcaldesa apertura as intervencións dándolle a palabra á concelleira D<sup>a</sup> Raquel Val que expón que si o Concello non ten débedas e a poboación segue baixando estes son uns orzamentos pouco ambiciosos , critica a falta de propostas para fixar poboación, fomentar a economía , falta de cumprimento do programa electoral do PP, critica as subvencións nominativas sen ter en conta axudas para as Comisión de Festas e outras asociacións.

Di a Alcaldesa que hai crédito para ditas axudas e que os Santiaguíños foron subvencionados pola propia Asociación do Festival .

A concelleira do BNG pregunta para que hai unha previsión de RPT e critica que non hai un proxecto de futuroi.

A Alcaldesa sinala que a dotación permitirá facer algo e que non entende que quen non vive aquí critique o proxecto .

A Alcaldesa dalle a palabra o concelleiro do BNG D. Xosé Luis Rivas que di que estes orzamentos non están adaptados o Salario Mínimo interprofesional de 900€ son precipitados .Critica que non se teñan en conta medidas para aforro en SOGAMA como a compostaxe , sinala que vaise ter a obriga de reciclar por UE máis do 50% e de non facerse terán que asumirse multas. Di que hai que facer algo có lixo adiantándose os tempors. Remata indicando que mocións como a dos castiñeiros, ou plan de turismo son alternativas rentables.Adianta que o seu grupo oponse a este orzamentos considerando que deben voltar a artesa coa previsión de aumentos de salarios actual que vai trastocar ó Concello.

A Alcaldesa dalle a palabra á concelleira do PsdG-PSOE D<sup>a</sup> Ana Ledo que día que hai unha falta de previsión do futuro do Concello, continúa con servizos que xa estaban ou segue igual servizos que quedarán obsoletos para as necesidades da poboación . Critica a falta de iniciativas mantendo o que estaba inda tras as críticas . Di que non se está pensando na xente , so nos cargos o que e unha desilusión máis e unha falta de previsión total . Reclama unha reorganización de persoal e do tema de subvencións.

Contesta a Alcaldesa que todos os servizos foron mellorados . A concelleira Ana Ledo remata criticando o funcionamento actual da Residencia.

Sen máis intervencións por maioría absoluta con seis votos a favor ( cinco dos concelleiros as do grupo municipal do PP e un do membro non adscrito) e con dous votos en contra dos concelleiros do BNG así como dúas abstencións dos/as concelleiros/as do PsdGf-PSOE o Pleno municipal

**ACORDOU:**



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2019 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de 2.758.900,00€ así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

Concello de Boimorto

Fecha Obtención 21/12/2018

EJERCICIO ECONOMICO DE 2019

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.431.821,46
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	719.504,00
3	GASTOS FINANCIEROS	1.942,81
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	102.500,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
6	INVERSIONES REALES	503.131,73
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS ¿	2.758.900,00

## RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	<b>1. OPERACIONES NO FINANCIERAS</b>	
	<b>1.1 OPERACIONES CORRIENTES</b>	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	512.711,14
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	56.078,88
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	806.227,23
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	950.460,84
5	INGRESOS PATRIMONIALES	5,00
	<b>1.2 OPERACIONES DE CAPITAL</b>	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	433.416,91
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS ¿	2.758.900,00

**SEGUNDO.-** Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2019, tal e como son presentadas no expediente.

**TERCEIRO.-** Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes  
Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.  
Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0  
Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.  
Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.  
Admón. Xeral.-Aux.administrativo.-C2.-18.-1.- Programa funcionario interino auxiliar servizos sociais

## B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.  
1.-0.-Traballador/a social.-Completa  
1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.  
1.-0.-Animador deportivo.-Completa  
1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa  
1.-0.-Conductor camión.-Completa  
1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa  
1.-1.-Peón recollida lixo – tratorista.-Completa ( consolidación emprego temporal)  
1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa  
1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa  
3.-1. ocupada por temporal -Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.  
1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

## C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.  
9.-Auxiliar Axuda a domicilio.-1 Xornada 25 horas / 8 completa  
1.-Animadora cultural.-Xornada completa  
3.- Mestras PAI .- 3 xornada completa  
1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa  
1.- Electricista .- Xornada completa  
2.- Condutores .- Xornada completa  
2.- Persoal de limpeza .- 1 Xornada completa .-1 Xornada parcial  
1.- Directora Residencia  
1.- Fisioterapeuta .- Xornada completa  
2.- ATS .- Xornada completa  
1.- Pinche.- Xornada completa  
20.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa ( unha prevista para un mes )  
2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- Retribucións: A Alcaldesa desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.
- Asistencias: Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.
- Indemnizacións: Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

**CUARTO.-** De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

2019 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

**QUINTO.-** O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no parágrafo 4º anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal e, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

**SEXTO.-** No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no parágrafo 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no parágrafo 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

**SÉTIMO.-** Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia

### 3.- PROPOSICIÓN OUTORGAMENTO BONIFICACIÓN ICIO PAZO VIEITE.

Pola Secretaria dáse lectura á proposición relacionada con este punto da orde do día tal e como segue:( por unanimidade con 10 votos a favor de tódolos concelleiros/as presentes acéptase a urxencia do tratamento deste punto da orde do día sen ditaminar .

#### “-PROPOSICIÓN OUTORGAMENTO BONIFICACIÓN ICIO PAZO DE VIEITE

Vista a solicitude presentada por Valdeazores S.L. con entrada neste Concello en data 13/11/2018 n.º 20189990000045 actuando na súa representación D. Fernando Chueca Aguinaga, solicitando aplicación da bonificación no ICIO en aplicación do artigo 7 da ordenanza fiscal vixente que regula este tributo municipal en relación coa licenza outorgada o 25/10/2018 pola xunta de goberno local para obras de rehabilitación e adaptación para uso turístico cultural do Pazo de Vieite .

Solicito que se ratifique a inclusión deste punto na orde do día sen estar dictaminado, sendo as razóns de urxencia a necesidade de aprobación desta bonificación para que non quede a finais de exercicio un dereito pendente de cobro por importe superior o correspondente non sendo posible polos festivos destas datas a celebración de previa Comisión informativa permanente especial de contas antes do Pleno para dictaminar o acordo, pretendendo a aprobación neste ano 2018.

Visto que a ordenanza fiscal vixente do ICIO neste Concello regula no artigo 7.1.b) para construcións, instalacións e obras declarables de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias culturais ( defensa do patrimonio cultural) que xustifiquen tal declaración, unha bonificación do 70% .

Visto informe técnico que consta no expediente e no que se identifica dito Pazo como ben de interese cultural patrimonio catalogado polo noso Plan Xeral de ordenación municipal.

Proponse que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO:**

**PRIMEIRO .-**Outorgar a bonificación solicitada do 70% sendo o final a liquidación provisional do ICIO de 5.004,14€.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045  
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ó interesado así como dar conta á Xunta de goberno local na próxima sesión que celebre os efectos oportunos.

Boimoro 20/12/2018  
A Alcaldesa; j

Asdo.- M.ª Jesús Novo Gómez “

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do grupo municipal do BNG D: Xosé Luís Rivas que critica esta proposta e o recente interese cultural , critica bonificación para unha empresa con ese capital social .

Resposta a Alcaldesa que o importante e a rehabilitación do Pazo e o fomento do turismo e creación de traballo.

O concelleiro do BNG expón un caso de rehabilitación en Sober que está en ruínas .

Sen máis intervencións con oito votos a favor por maioría absoluta ( 5 dos concelleiros do grupo municipal do PP, un do membro non adscrito e dous dos concelleiros/as do grupo municipal do PsdG-PSOE ) con dous votos en contra dos dous concelleiros/as do BNG o Pleno municipal  
**ACORDOU:**

**PRIMEIRO .-**Outorgar a bonificación solicitada do 70% sendo o final a liquidación provisional do ICIO de 5.004,14€.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo ó interesado así como dar conta á Xunta de goberno local na próxima sesión que celebre os efectos oportunos.

## 4.- DACIÓN DE CONTAS

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE que expón a seguinte moción xustificando a súa urxencia no necesario reparto equitativo de fondos pola Xunta de forma non discriminatoria tendo en conta a relevancia de ditos fondos para funcionamento das entidades locais na anualidade 2019 acéptase a urxencia da moción e o seu tratamento por unanimidade de tódolos/as concelleiros/as presentes con 10 votos a favor pasando Ana Ledo a expor dita moción tal como segue :

“O Grupo municipal dos Socialistas de Boimorto dacordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre a política do Goberno galego en relación co financiamento das entidades locais.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Tamén somos a administración cun menor endebedamento e tamén asumimos competencias impropias, que deberían asumir outras administracións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Cada concello ten a súas circunstancias e prioridades, e deberíamos contar cun financiamento axeitado, onde se permita aos concellos decidir en que se invisten os fondos, e non depender dun reparto de fondos discrecional.

O Plan Único, creado en 2017 polo Goberno da Deputación Provincial da Coruña unifica os antigos plans de investimentos da Deputación da Coruña (POS, PAS e PAI) e 11 liñas de subvencións nunha única convocatoria anual, permitindo aos concellos non só unha mellor planificación, senón maior axilidade na tramitación, máis autonomía local para decidir en que invisten os fondos provinciais e máis transparencia na asignación de recursos, xa que os fondos do POS+ distribúense en base a criterios obxectivos como a poboación, superficie, número de parroquias e esforzo fiscal do concello.

O Plan Único da Deputación Provincial é un plan vivo e dinámico, que medra ao longo do exercicio e que nos tres anos que leva en funcionamento supera en 144 millóns de euros o investimento dos plans do anterior goberno durante 2012, 2013 e 2014.

O programa demostrou ser un instrumento útil para que os concellos afronten as súas necesidades concretas e mellorou e simplificou as relacións entre os concellos e a Deputación Provincial da Coruña.

Este sistema debe ser o camiño tamén para outras administracións públicas xa que ofrece total transparencia na asignación de fondos e permite total autonomía municipal para decidir en que investir en cada concello.

Os Socialistas queremos reclamar á Xunta de Galicia transparencia no reparto de axudas, e en definitiva que muden as formas de actuar por un modelo propio do século XXI, onde non procede o escurantismo.

A Xunta de Galicia repartiu "a dedo" e con criterios subxectivos un total de 22,5 millóns de euros en catro plans de infraestruturas e equipamentos durante os últimos dous anos.

Débense cambiar as políticas da Xunta de Galicia e ter que deixar de mendigar axudas. O que propoñemos é que os fondos para os concellos se repartan de xeito obxectivo como se fai dende fai anos dende a Deputación Provincial da Coruña.

## **Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego a:**

1º) Regular, mediante unha lei autonómica consensuada coa Fegamp, o financiamento dos concellos galegos.

2º) Establecer as partidas non finalistas dentro do capítulo de transferencias totais da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais, así como de determinadas subvencións que os concellos perciben anualmente de xeito recorrente coa conseguinte modificación da porcentaxe de participación, coa finalidade de integralas no Fondo de Cooperación Local.

3º) Crear un fondo específico anual formado polas transferencias non executadas no orzamento da Xunta de Galicia con destino ás entidades locais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

4º) Establecer neste exercicio 2018 os criterios que rexan o reparto das subvencións da Comunidade Autónoma a favor das entidades locais, obxectivos e consensuados coa Fegamp, e que garantan a igualdade de acceso para todas elas cunha convocatoria pública á que concorreran tódolos concellos en igualdade de oportunidades

5º) Establecer un acordo para que o Canón da Auga se reparte con criterios en igualdade de reparto, onde as entidades locais puidan recibir en investimentos o 50% das recaudacións que se levan en cada concello, abrindo una convocatoria por concorrencia competitiva “

A Alcaldesa adianta o voto en contra dos concelleiros do seu grupo municipal sinalando que en relación cós fondos repartidos pola Deputación Provincial de A Coruña Boimorto perde para o 2019 existindo concellos limítrofes máis pequenos que Boimorto con mais fondos no Plan Único da Deputación .

O concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas expón que os fondos que reparte Deputación dependen do Estado e dos seus orzamentos .

Roga este concelleiro que as mocións presentadas por rexistro sexan incluídas na orde do día dos Plenos por transparencia e democracia . Critica o reparto de fondos partidista o seu parecer da Xunta de Galicia e sinala que na Deputación as subvencións nominativas a outorgar por presidencia agora están limitadas nun 5% non como as do anterior presidente da Deputación .

Sen máis intervencións con 5 votos en contra dos/as concelleiros as do PP , unha abstención do membro non adscrito e con 4 votos a favor dous dos/as concelleiros /as do grupo municipal do PsdG-PSOE e dous dos as concelleirosas do grupo municipal do BNG non prospera o acordo proposto por non acadar maioría simple superando os votos negativos os positivos.

### 5.- ROGOS E PREGUNTAS

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas que fai os seguintes rogos e preguntas :

a) Pregunta se van cambiar os usos clasificación de determinadas parcelas de protección agropecuaria a ordinaria e sobre a propaganda electoral que se fai con este tema.

A Alcaldesa resposta que se modificará o que se poda , que xa consultou con urbanismo e que non se van tocar os núcleos urbanos.

b) Pregunta se tomou a Alcaldesa a decisión de subscrición ó Diario Galego. .Resposta a Alcaldesa que considera que chega coa Voz de Galicia.

c) Roga que se suban os salarios criticando a oportunidade perdida .

d) Pregunta como vai o expediente de reclamación ó contratista de reparacións necesarias na Residencia.. Resposta a Alcaldesa que fixo reunión có director da obra e estanse a facer tódolos trámites necesarios para solucionar o problema.

e) Roga que vaia o equipo de goberno a ver o mal que quedaron pistas arranxadas en relación as entradas para parcelas .Resposta a Alcaldesa que están ben e en relación a de Cheda que pregunta o concelleiro expresamente dille que inda non se rematou.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

f) Roga arranxo Ponte de Brates criticando o mal estado da varandilla .Resposta a Alcaldesa que xa falou có Alcalde de Frades para isto.

g) Pregunta polo expediente da Ponte Boado.

h) Roga reposición en relación os roubos no paseo de bici.

i) Roga se cumpra a Lei do benestar animal en relación a animais abandonados.Resposta a Alcaldesa que xa se chama a unha lacería que a oferta dunha presunta asociación de Arzúa non podía aceptala indicando que a Secretaría requiriu unha documentación para contratar e a que aportaron non era válida .

j) Roga se recupere camiño público que vai polo Monte Boado xa que se fixo un camiño novo sen permiso . A Alcaldesa dálle a palabra a esta Secretaría para que expoña como está o expediente en relación a dito camiño .Pregunta o concelleiro se hai catálogo de camiños no Concello . Resposta a Alcaldesa que non que hai doutros bens pero non de camiños polo que o concelleiro roga que se faga e se pida subvención para facelo .

k) Roga reservas de prazas na Residencia para xente de Boimorto sen capacidade económica. Resposta a Alcaldesa que a Xunta xa aporta a dita xente para que poda ingresar na Residencia .

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do BNG D<sup>a</sup> Raquel Val que fai os seguintes rogos e preguntas :

a) Pregunta pola inversión dos 71.023€ da Asociación Festival de la luz para a Residencia , rogando que se atenda os usuarios/as non só para necesidades básicas.

Resposta a Alcaldesa que son para equipamento de sala para estimulación cognitiva e sensorial.Dille que vaia a Residencia e verá que hai xente do Concello facendo labor social na Residencia

b) Roga que cambien as bases para selección de auxiliar administrativo interino por programas , proceso que quedou arquivado , non restando as preguntas non contestadas .

A Alcaldesa dálle a palabra á concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE D<sup>a</sup> Ana Ledo que fai os seguintes rogos e preguntas :

a) Roga a mellora nos arranxos de pistas que se limpen pistas de terra .

Resposta a Alcaldesa que poucas quedan sen limpar xa que nunca se desbrozou neste Concello dende o mes de marzo.

A Alcaldesa dálle a palabra ó concelleiro do BNG D. Xosé Luís Rivas que pregunta como se plantaron castiñeiros no Campelo por medio de filas xa postas.

Resposta a Alcaldesa que serían os que plantou a brigada que mandaron.

O concelleiro solicita que conste en acta que a empresa que o fixo meteu gato por lebre plantando unha fila de polinizadores e outras filas de famosa non dando todos,. Roga cortar os non produtivos e unha vez que rebroten facer enxertos o Concello . Roga partida para purín e ou abono que pare a invasión de avespa dos castiñeiros ,mirando que o abono non se use danando os cogomelos.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Ás 21:40 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

Boimorto, xoves 27 de decembro de 2018

A alcaldesa, MARIA JESUS NOVO GOMEZ	A secretaria, Rebeca Vázquez Vazquez
--	---